



## Concello de Bueu

### ANUNCIO DAS BASES DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE 13 PERSOAS DESEMPREGADAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE BUEU AO ABEIRO DO PLAN DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE AO ANO 2025 ( SUBVENCÍONS + PROVINCIA LIÑA 3)

Mediante Resolución da alcaldía número 2025-0536 de 04.04.2025, aprobáronse as bases da convocatoria do proceso para a selección de 13 persoas desempregadas como persoal laboral temporal no marco do Programa de activación do emprego da Deputación provincial de Pontevedra correspondente ao ano 2025 de acordo co previsto nas bases reguladoras que de seguido de transcriben de xeito literal.

O prazo de presentación de solicitudes de participación remata o 21 de abril de 2025 para todas as persoas demandantes de emprego que figuren na relación da oficina pública de emprego feita en base ás ofertas de emprego realizadas polo concello.

En consonancia co anterior non se admitirán solicitudes de participación de persoas candidatas que non figuren nas listas de preselección elaboradas pola oficina pública de emprego para cada unha das prazas ofertadas.

#### ANEXO I

#### BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL DENTRO DO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025.

##### 1ª Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto a selección a través do Servizo Público de Emprego, entre persoas desempregadas ,inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, e segundo os principios de mérito e capacidade, de **TRECE (13) traballadores temporais** no marco do Programa de activación do emprego promovido pola *Deputación provincial de Pontevedra* correspondente ao ano 2025 de acordo co previsto nas bases reguladoras de dito plan provincial (BOP núm. 1 do 02/01/2025), e no RDL 2/2015 do 23 de outubro e coas seguintes características:

Denominación do posto	Categoría prof.	Grupo/subgr. de clasificación (Art. 81 do CC.BOP núm. 179 de 17.9.2014)	Grupo de cotización	Núm. prazas	Duración	Xornada
Oficial albanería	Oficial	C2	8	2	6 meses	Tempo parcial (35 h.)





## Concello de Bueu

Oficial de carpintería	Oficial	C2	8	1	6 meses	Tempo parcial (35 h.)
Oficial electricista	Oficial	C2	8	2	6 meses	Tempo parcial (35 h.)
Oficial fontanería	Oficial	C2	8	2	6 meses	Tempo parcial (35 h.)
Peón desbroces	Peón	AP	10	4	6 meses	Tempo parcial (35 h.)
Peóns limpeza	Peón	AP	10	2	6 meses	Tempo parcial (35 h.)
Administrativo/a	Administrativo/a	C1	5	1	6 meses	Tempo parcial (35 h.)

### 2ª.- Funcións do posto de traballo

As tarefas a realizar serán as propias do posto de traballo e estarán orientadas ao cumprimento dos servizos detallados na memoria (Cod. Validación: 9AXFE56M4G2TKA4ANR6766R3M) da Concellería de Persoal, Promoción económica, Comercio Local, Turismo e Praias de data 28/01/2025 remitida á Deputación provincial de Pontevedra con data 30/01/2025.

### 3ª Requisitos xerais e específicos dos aspirantes e criterios preferentes de selección:

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben cumprir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no art. 57 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros residentes legalmente en España poderán acceder aos postos convocados e reservados para persoal laboral, debendo acreditar na fase de comprobación de requisitos, unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen as condicións legais para a súa contratación.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade de xubilación prevista na normativa vixente.
- Estar en posesión, ou en condicións de obter, no día en que remate a presentación de instancias, da seguinte titulación en función do posto de traballo:
  - Para **peóns** : non é necesario acreditar titulación. (DA 6ª do TREBEP)
  - Para **oficiais** : ESO /Graduado Escolar ou equivalente
  - Para administrativo/a: bacharelato ou equivalente.





## Concello de Bueu

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse fidedignamente a súa homologación.

- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións asignadas á praza convocada.
- As persoas con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude. Estas persoas serán admitidas en condicións de igualdade cos demais aspirantes, salvo que a restrición padecida lles fixera incumprir o requisito segundo.
- Non estar afectado por motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Ademais deberán cumprir co seguinte requisito específico que resulta das bases reguladoras do programa de activación do *emprego* da Deputación provincial de Pontevedra correspondente ao ano 2025 no que se enmarca o proceso selectivo (BOP núm. 1 do 02/01/2025):

- Ter a condición de persoa desempregada e estar inscrita no servizo público de emprego de Galicia como demandante non ocupada e que estea dispoñible para o emprego.(Estas condicións cumpriranse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato).

Estes requisitos deberán ser cumpridos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes e durante o proceso selectivo ata o momento de formalizar a contratación.

Asemade, establécense nos termos publicados pola Deputación provincial de Pontevedra no BOP núm. 1 de 02/01/2025 unha serie de **criterios preferentes** a favor das persoas:

- a) Persoas en desemprego de longa duración.
- b) Mulleres con baixa cualificación.
- c) Candidatas maiores de 45 anos.
- d) Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación.
- e) Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
- f) Vítimas de violencia de xénero.
- g) Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.
- h) Persoas Candidatas con niveis de renda máis baixa

### 4ª Tipo de contrato e xornada de traballo

O contrato será laboral temporal, de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, previsto na DA 9ª do RDL 3/2015 de 23 de outubro.

A xornada de traballo será de 35 h, de luns a domingo, nun horario establecido en función das necesidades e organización do servizo, cos descansos que regulamentariamente correspondan e por un período de 6 meses .

### 5ª Custo e financiamento





## Concello de Bueu

O custo total da contratación por todos os conceptos ascende a 193.301,47 €, sendo o importe da subvención da Deputación 179.301,47 €, concedida pola Xunta de goberno, mediante acordo do 07.02.2025, con entrada no Rexistro Municipal do Concello de Bueu con data 10.02.2025 ([2025-E-RC-755](#)), dentro das subvencións ao abeiro do Plan + Provincia 2025 correspondente á liña 3: Programa de activación do emprego. A achega municipal ascende a 13.999,21 €.

### 6ª Retribucións

As retribucións brutas mensuais, para cada unha das categorías, son as seguintes:

Oficiais: 1602,45 €

Peón desbroces: 1.346,56 €.

Peóns limpeza: 1.342,33 €

Administrativo/a: 2010,38€.

### 7ª Solicitudes e admisión

As persoas demandantes de emprego que figuren na relación da oficina pública de emprego feita en base ás ofertas de emprego realizadas polo concello, deberán presentar con data límite a seguinte documentación:

- Modelo de instancia de participación no proceso selectivo, que será facilitada no Departamento de Promoción Económica do Concello de Bueu.
- DNI ou documento acreditativo da súa identidade.
- Titulación esixida para o posto
- Declaración xurada Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

A presentación de solicitudes deberá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, en horario de 8:30 ás 13:30 horas, de luns a venres ou a través da sede electrónica municipal (<https://bueu.sedelectronica.gal>).

**A documentación presentarase en copia simple e as persoas seleccionadas presentarán posteriormente a documentación orixinal para o seu cotexo.**

### 8ª Procedemento de selección

O concello solicitará os traballadores necesarios mediante a presentación das correspondentes ofertas de emprego no servizo público de emprego quen remitirá as persoas candidatas ao concello (max. 05 candidatas por posto) como entidade beneficiaria da subvención provincial co obxecto de realizar a selección definitiva nos termos establecidos nas bases reguladoras do citado programa de activación do emprego (BOP núm. 1 do 02/01/2025).





## Concello de Bueu

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase o listado provisional de admitidos e excluídos, así como o motivo da exclusión, de ser o caso. A partir de aquí haberá un prazo **de 2 días hábiles** para a emenda de documentación. Logo publicarase o listado definitivo.

O procedemento de selección será o de oposición co cumprimento previo dos requisitos procedimentais sinalados na base cuadraxésima primeira do capítulo III. Liña 3. activación do emprego 2025 e consistirá na realización dunha proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas tarefas propias do posto de traballo a desenvolver en base ao temario que figura como Anexo I a estas bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.

O exercicio terá lugar na data e hora sinalado polo tribunal en chamamento único, e as persoas aspirantes que non concorran ao mesmo perderán o seu dereito a participar no proceso, sen posibilidade de aprazamento da proba de ningún tipo.

Os candidatos admitidos deberán acudir provistos de DNI ou equivalente, bolígrafo de cor azul ou negra para a realización da proba.

O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Ao remate do exercicio e rematada a corrección do mesmo, o tribunal fará pública a relación de aspirantes coa puntuación do proceso.

Unha vez publicada a relación de aspirantes coa puntuación total do proceso selectivo, o tribunal concederá un prazo máximo de **2 días hábiles** para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

No caso de producirse empates nas puntuacións do exame, resolverase aplicando os criterios preferentes, pola orde sinalada no derradeiro parágrafo na base terceira entre as persoas candidatas coa mesma puntuación.

Para a valoración dos méritos preferentes, o Tribunal solicitará das persoas candidatas nos que concorran os empates a documentación necesaria para acreditar as diferentes situacións relativas aos criterios preferentes:

1º) Persoas en desemprego de longa duración: aquelas persoas que acrediten unha situación de desemprego de alomenos 12 meses.

2º) Mulleres con baixa cualificación: mulleres que non tiveran conseguido os estudos correspondentes ao título de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarase a través de declaración responsable.

3º) Persoas maiores de 45 anos.

4º) Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación: persoas menores de 30 anos que non tiveran conseguido os estudos correspondentes ao título de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarase a través de declaración responsable.

5º) Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego

6º) Víctimas de violencia de xénero: Esta situación acreditarase a través dun informe do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Bueu no que faga constar a acreditación de vítima de violencia.





## Concello de Bueu

---

7º) Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.

8º) Persoas Candidatas con niveis de renda máis baixa. Acreditarase a través da declaración da renda de 2022 de todos os membros que figuren no xustificante de empadramento ou certificado de non estar obrigado a presentala emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Respecto da documentación acreditativa dos criterios de desempate, o tribunal poderá solicitar aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados.

A documentación deberá presentarse no prazo (**2 días hábiles**) concedido para a presentación das reclamacións e alegacións, indicándose na relación de aprobados os aspirantes que deben achegar a documentación que permita resolver os empates con aplicación dos criterios preferentes da base 3ª.

### **9ª Tribunal cualificador.**

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público non podendo ser parte do mesmo os funcionarios interinos nin o persoal eventual.

O Tribunal estará integrado por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Bueu con titulación igual ou superior á esixida para os postos convocados.
- Secretaria/o: Un funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Bueu do Concello de Bueu con titulación igual ou superior á esixida para os postos convocados
- Vogais: 3 funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Bueu ou de calquera outra administración pública, con titulación igual ou superior á esixida para os postos convocados.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto.

O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da lei 40/2015.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

### **10º.- Contratación das persoas seleccionadas**

Rematado o proceso selectivo, o tribunal formulará a proposta de contratación a favor dos/das aspirantes que acadasen a maior puntuación final.





## Concello de Bueu

---

Non obstante o anterior, o procedemento para formalizar as contratación axustarase ao seguinte cronograma, sen superar a data límite para a formalización que é o 01 de xuño de 2025:

- Os/as aspirantes propostos/as deberán achegar no prazo máximo de **03 días hábiles** dende a proposta de contratación a seguinte documentación:
  - Titulación requirida segundo o posto de traballo indicado na base 3ª.
  - Certificado/ informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza.
  - Número de afiliación á Seguridade Social /copia tarxeta sanitaria.
  - Número de conta para o ingreso da nómina.
- Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado, éste decaerá nos seus dereitos e quedarán anuladas todas as actuacións realizadas a favor do mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incurrir por falsidade na instancia.
- Para o suposto de que algún dos/as aspirantes inicialmente propostos/as (ou os/as sucesivos seguintes) renunciase á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante (ou se é o caso, dos seguintes aspirantes) que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes e que tivera superada a proba.
- Presentada a citada documentación os/as aspirantes propostos/a serán contratados mediante contrato laboral temporal de mellora da ocupabilidade a tempo parcial.

### 11º.- Publicidade do procedemento

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na páxina web municipal [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://bueu.sedelectronica.gal>). Sen prexuízo de que se publicará no BOP un extracto da convocatoria.

### 12º.- Listaxe de reserva.

Os aspirantes que superando o proceso selectivo non fosen contratados, formarán unha lista de reserva para cubrir as posibles renuncias ou baixas dos candidatos contratados. Esta listaxe de reserva vincúlase única e exclusivamente á xestión do proceso selectivo derivado da subvención da Deputación de Pontevedra, quedando sen efectos unha vez rematadas as contratacións.

### 14º.- Protección de datos de carácter persoal.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares de datos de carácter persoal consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.





## Concello de Bueu

---

### 15º.—Disposicións derradeiras

*Primeira.*—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Procedemento Administrativo Común, no texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no Estatuto dos Traballadores.

*Segunda.*—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do sector público, na lei 39/2015 de procedemento administrativo común, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

### ANEXO I. TEMARIO

#### Oficial de carpintería

- 1 Elementos de carpintería
- 2 Ensamblés
- 3 Ferramentas e materiais de carpintería
- 4 Funcións, técnicas e tarefas de carpintería
- 5 A seguridade e saúde no traballo

#### Oficial albanelería

- 1 Materiais utilizados na construción.
- 2 Ferramentas básicas e equipos.
- 3 Clases de morteiros que se utilizan na construción: azulexado, solería, enfoscado, crecido de muros, enlucido, tellas, solería de cubertas.
- 4 Formigóns: compoñentes, dosificación, consistencia e posta en obras segundo os distintos usos.
- 5 Seguridade e saúde no traballo.

#### Oficial fontanería

1. Elementos de instalacións de fontanería: tuberías e accesorios, válvulas, dispositivos de control e grifería sanitaria. Aparatos sanitarios. Tipos. Componentes. Montaxe, desmontaxe e reparación.
2. Técnicas de soldadura empregadas en instalacións de fontanería
3. Redes de evacuación de augas pluviais de edificios. Canalóns e baixantes.
4. Redes interiores de auga. Clasificación, grupos de presión, regulación e depósitos.
5. Instalacións de calefacción e ACS. Caldeiras: tipos, principio de funcionamento e elementos de seguridade. Sistemas de regulación e control.







## Concello de Bueu

---

6. Obxecto e principios básicos da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

### Oficial electricidade

1. Ferramentas, equipos e materiais para a execución e mantemento das instalacións eléctricas.
2. Instalacións de enlace: esquemas, caixa xeral de protección, liña xeral de alimentación, derivación individual, contadores.
3. Iluminación de vías públicas: Disposición dos puntos de luz . Factor de mantemento. Factor de utilización.
4. Cadros eléctricos: protección en media e baixa tensión. Xeneralidades. Interruptores, seccionadores, fusibles, interruptores automáticos.

### Peón desbroces

1. Tipos, características e compoñentes das moto desbrozadoras
2. Riscos e medidas de prevención no uso da moto desbrozadora
3. Revisións e mantemento de moto desbrozadoras
4. Transporte de moto desbrozadoras
5. Equipos de protección inividual a utilizar con moto desbrozadoras

### Peón limpeza

- 1 Produtos de limpeza. Significado dos símbolos utilizados nas etiquetas dos produtos. Axentes químicos: definicións e prevención.
- 2 Útiles e maquinaria de limpeza.
- 3 Maquinaria, utensilios e ferramentas usadas na limpeza das vías públicas.
- 4 Limpeza de praias: descrición e uso dos materiais de traballo en praias. Execución.
- 5 Seguridade e saúde no traballo: nocións básicas

O que se publica para xeral coñecemento

*Documento asinado dixitalmente na data do marxe polo Alcalde, Félix Juncal Novas*

